



O irmá de Lois Pereiro, Xosé Manuel, na lectura participativa do Rosalía. / CARLOS PARDELLAS



Marcha dende a praza de María Pita. / CARLOS PARDELLAS

Marcos Otero

A CORUÑA

O centro da cidade converteu-se onte no escenario dunha homenaxe pública ao poeta Lois Pereiro, ao que se lle adica este ano o Día das Letras Galegas. A xornada de recoñecemento estaba planificada de tal forma que se converteuse nun acto de participación dos veciños. Por iso unha comitiva partiu da praza de María Pita acompañada da banda municipal en dirección ao teatro Rosalía, onde estaba previsto un recital poético participativo.

Despois de atravesar a rúa Rego de Auga e de que todas as per-

soas se acomodasen nas butacas do teatro, tomou a palabra Lino Braxe, que se encargou de presentar ás persoas que, unha tras outra, leron algúns dos poemas firmados por Pereiro. Puido verse a Xavier Seoane, Xulio López Valcarcel e Dorés Tembrás, entre outros. Tamén houbo autores en lingua galega que lle adicaron unhas liñas ao finado poeta, que se converteu

nunha figura reclamada pola crítica e os compañeiros de profesión durante os últimos anos ata que se conseguiu que fose recoñecido co Día das Letras Galegas.

Nado en Monforte de Lemos, traladouse a Madrid de mozo e comezou a súa carreira literaria da man do seu irmán, Xosé Manuel Pereiro, e de Antón Patiño e Manuel Rivas na revista *Loia*. Precisamen-

te foi tamén onte Rivas quen leu un dos poemas durante a homenaxe participativa no Rosalía.

A lectura da obra de Pereiro, nalgúns ocasións desde as mesmas butacas, estivo acompañada pola música de Manu Clavijo, despois de que a marcha popular desde a praza de María Pita fose amenizada pola banda municipal. O acto forma parte do programa de

Eloxio de Lois Pereiro

Centos de persoas colaboran na lectura participativa de poemas do monfortino ao que se lle adica este ano o Día das Letras Galegas

actividades preparado polo Concello con gallo do Día das Letras Galegas e tiña como obxectivo converterse nunha “manifestación poética aberta á participación de toda a cidadanía”, segundo sinalou a Concellería de Cultura os días previos á súa celebración. Rivas falou dunha sesión “asamblearia”, dado o carácter aberto de toda a celebración. E con este propósito o público non defraudou. Ademais de encher as butacas do teatro Rosalía, tamén participou activamente na lectura dos textos de Pereiro. Superouse a posible vergoña a intervir e os versos do monfortino saíron das gorxas de Rivas e Seoane, pero tamén doutras anónimas.